



ELES QUEREN CONTARNOS



Departamento de
Derechos Humanos



Desde a Área de Cultura comprácenos poder presentar en Lugo esta exposición, en colaboración coa Fundación Madres de Plaza de Mayo-Línea Fundadora e a Secretaría de Cultura da República Arxentina, dentro do proxecto de Museoloxía Social «Culturas en diálogo: Lugo-Arentina», que levamos desenvolvendo ao longo de todo o ano.

Con esta exposición presentamos un total de 60 historias de vida de mozas e mozos que foron vítimas da cruenta represión da última ditadura militar en Arxentina e do terrorismo de Estado. Mozas e mozos que deron a súa vida por un mundo mellor, máis xusto e solidario. Historias que nos gustaría que axudasen a mirar cara ao futuro sen esquecer o pasado, e tendo sempre presente o horror que nunca debe volver a repetirse.

Mario Outeiro Iglesias

Deputado Delegado de Cultura na Deputación de Lugo

Exposición do 17 ao 27 de outubro. Refectorio do Museo de Lugo.

A exposición «Eles queren contarnos» («Ellos quieren contarnos») relata a historia, os sonhos, as loitas e esperanzas das e dos mozos vítimas do terrorismo de Estado en Arxentina, que entregaron a súa vida buscando un mundo mellor.

A mostra «Eles queren contarnos» («Ellos quieren contarnos») foi exposta en numerosas cidades do Estado Español e na totalidade das provincias arxentinas. Organizada pola Fundación Madres de Plaza de Mayo Línea Fundadora e a Secretaría de Cultura da República Arxentina, conta coa colaboración do Departamento de Dereitos Humanos da Embaixada da República Arxentina no Estado Español.

Ten por obxecto contar, a través dun percorrido de pancartas empregadas polas «Madres de Plaza de Mayo», máis de sesenta historias de vida de vítimas do terrorismo de estado en Arxentina, construídas a partir do material aportado polos seus familiares. Deste xeito, preténdese rescatar a historia, os sonhos, as loitas e esperanzas dunha mocidade que deu a súa vida por un mundo mellor.

As pezas gráficas, en forma de pancartas, están compostas por fotografías dos e das detidas/desaparecidas, fragmentos de poemas, cartas e fotos das súas familias, entre outros materiais, e ten como obxectivo estimular ás mozas e mozos á reflexión e á construción do seu propio pensamento, a partir das historias de vida e de militancia de algunhas e algúns dos trinta mil desaparecidos durante a ditadura militar arxentina.

